

A través deste pequeno "boletín" achegamos ás familias un conxunto de regras básicas e recomendacións destinadas para o beneficio dun mellor desenvolvemento e convivencia. Solicitamos ás familias unha maior colaboración no seu cumprimento. Grazas.

NORMAS E RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA AS FAMILIAS

- **PUNTUALIDADE:** É especialmente necesario e importante respectar as quendas de entrada e saída. O alumnado que se retrase na hora de entrada ao centro terá que esperar a que remate a entrada de todos os grupos.
- **ASISTENCIA:**As faltas de asistencia deben ser xustificadas aos titores/as a través do documento oficial do Centro que se pode descargar da páxina web ou adquirilo en secretaria cun custo de 0'05 ctmos. Lembramos que as faltas de asistencia derivadas da sintomatoloxía COVID non é preciso xustificalas con este procedemento, haberá que chamar ao centro e enviar unha mensaxe por Edmodo ao titor/a.
- Mentres dure a situación actual lembramos que non se permite o **acceso de nais/pais ao interior do centro, agás con cita previa e para trámites de secretaría farase fóra do horario de entrada e saída do alumnado.**
- **O Centro non se fará cargo da perda ou desaparición de obxectos persoais do alumnado.** É especialmente importante que todo estea identificado (roupa, material escolar, kit de seguridade...)
- Non se **pode traer teléfono**, a non ser que sexan requiridos para fins didácticos. Si soan ou se atopan en uso, requiriranse durante 3 días e só poderán ser recollidos polos pais. No caso de traelos o Centro non se fará cargo da súa perda ou desaparición.
- O colexio non pode **subministrar medicamentos**. En caso de enfermidade ou accidente chamarase ás familias. No caso de que algún alumno deba tomar algunha por prescripción facultativa ou por razón de enfermidades crónicas, deben poñerse en contacto cos titores.
- **O chándal de ED. Física será o regulamentario do colexio é obrigatorio ata 3º de ESO.** Asimesmo é obrigatorio tamén o uso do **mandilón** escolar ata 4º de EP. Requirirase o seu uso nas saídas didácticas que se realicen ao longo do curso e o incumprimento de dita norma conleva a non participación en ditas actividades. Ditas prendas teñen que estar **"marcadas" co nome.**
- Para informar ás familias, envíanse comunicacións por medio de **EDMODO** para todos os cursos, e a maiores na axenda escolar a partir de 3º de EP. Tamén figurará información na páxina web do colexio: www.ccarenal.es
- É obrigatorio que os **datos de teléfonos de contacto e os seus enderezos sexan actualizados** por se fose necesario contactar coas familias. Debe figurar un número de **teléfono móbil operativo durante a xornada lectiva.** Ditos cambios comunicaranse en secretaria e aos titores.
- **TITORÍA:** luns de 17.30 h. a 18.30 h. As **TITORÍAS** e as comunicación coas familias serán preferentemente vía telefónica ou telemática. Excepcionalmente e en casos xustificadas e que non sexa posible empregar as vías anteriormente citadas, valólaranse outras posibilidades. Para podelos atender axeitadamente e que o profesorado titor poida recoller información do resto do profesorado, solicitarase **CITA PREVIA** a través de Edmodo con a lo menos **4 días de antelación.**
- Solicitamos a colaboración das familias na **formación do alumnado no protocolo de prevención da COVID-19** insitando especialmente nos aspectos que se lle ensinamos no colexio (hixiene de mans, uso da mascarilla, distancia interpersoal, material de uso persoal que non pode ser compartido...)
- É necesaria e fundamental a **colaboración das familias** na marcha escolar dos seus fillos: que traian o material escolar, seguimento das súas tarefas escolares, comportamento no colexio,... así como inculcarlles a necesidade de que cumpran as normas de convivencia do centro.
- O colexio está a súa disposición para explicar ou aclarar calquera dúbida ou asunto referente aos seus fillos/as. Os aspectos docentes sobre a marcha escolar, corresponden aos titores/as ou profesorado especialista. As cuestións organizativas poden consultalas co Equipo Directivo.